

**ACTA DA SESION CONSTITUTIVA DA CORPORACION MUNICIPAL DE CARIÑO E  
DE ELECCION DE ALCALDESA: 17 DE XUÑO DE 2023.**

**ALCALDESA:**

-ANA M<sup>a</sup> LOPEZ FERNÁNDEZ

**CONCELLEIROS ASISTENTES:**

- MIGUEL ANGEL PÉREZ FRAGUELA
- LAURA GARCÍA RUÍZ
- MANUEL FRAGUELA CASTRO
- JOSÉ MIGUEL ALONSO PUMAR
- JONATHAN ISMAEL MIRANDA LUCAS
- CARMEN DEL RIO FRAGUELA
- ADRIÁN PERNAS LAMAS
- CARLOS CASTRO DURÁN
- MARÍA JOAQUINA MARTÍNEZ PEGO

**SECRETARIA:**

Alejandra Pardo Vázquez

**APERTURA DA SESIÓN**

Pola Secretaría do Concello, ás 12:00 horas, declárase aberta a sesión constitutiva, pasando de seguido a dar lectura ós artigos 195 e 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral e artigo 37 do ROF.

No Salón de Plenos do Concello de Cariño, sendo as doce horas do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, reúnen, previamente convocados ó efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e art. 37 do R.D. 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres/as. Concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e sete de maio de dous mil vinte e tres, que se expresan ó marxe, actuando como Secretaria que refrenda, a da Corporación, que fai constar que se cumprimentou o requisito preceptuado no art. 7 do R.O.F., como trámite previo legal para este acto.

## **CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE E COMPROBACIÓN DAS CREDENCIAIS**

Pola Secretaria faise constar que se recibiu da Xunta Electoral de Zona certificación acreditativa dos Concelleiros/as proclamados/as neste municipio. Con ela compróbase quenes son os/as concelleiros/as elixidos de maior e menor idade, para proceder ó seu nomeamento como membros da mesa de idade.

Esta estará conformada polo membro de maior e menor idade e da que será Secretaria a da Corporación, segundo establece ou artigo 37.2, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico, correspondendo os seguintes membros que pasan a ocupar o lugar destinado ó efecto quedando constituída a mesa de idade por: MARÍA JOAQUINA MARTÍNEZ PEGO, concelleira electa de maior idade e MANUEL FRAGUELA CASTRO, concelleiro electo de menor idade.

De seguido, proceden á comprobación das Credenciais presentadas polos Concelleiros/as electos/as en base a Acta de Proclamación de Electos remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona, encontrando conformes as devanditas credenciais.

## **CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN**

Comprobadas as credenciais, e tendo asistido dez (10) Concelleiros/as electos/as, que constitúen a maioría absoluta de membros da Corporación, a Secretaria declara legalmente constituída a Corporación Municipal cos seguintes membros:

- ANA M<sup>a</sup> LOPEZ FERNÁNDEZ
- MIGUEL ANGEL PÉREZ FRAGUELA
- LAURA GARCÍA RUÍZ
- MANUEL FRAGUELA CASTRO
- JOSÉ MIGUEL ALONSO PUMAR
- JONATHAN ISMAEL MIRANDA LUCAS
- CARMEN DEL RIO FRAGUELA
- ADRIÁN PERNAS LAMAS
- CARLOS CASTRO DURÁN
- MARÍA JOAQUINA MARTÍNEZ PEGO

## XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELEIRO/A E TOMA DE POSESIÓN

De seguido, e ó quedar constituída a Corporación e para tomar posesión dos seus cargos, e para dar cumprimento ó disposto no art. 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, procédese ó chamamento pola orde contida na Acta de proclamación de Electos remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona, dos Concelleiros/as electos/as, que deberán tomar posesión do cargo, prestando xuramento ou promesa do mesmo baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, ou mediante as fórmulas legais admitidas pola Xunta Electoral Central.

Todos os Concelleiros/as Electos/as, proceden a prestar, persoalmente, ante a Mesa de Idade, xuramento/ou promesa de cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como Norma Fundamental do Estado.

## ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

Pola Secretaria do Concello dase lectura os artigos 196 da LOREG e 40 do ROF.

A continuación a Secretaria municipal manifesta aos candidatos á Alcaldía se manteñen a candidatura, indicando o do Bloque Nacionalista Galego a súa intención de retirar a candidatura, manténdose finalmente ao non existir ningún outro/a candidato/a polo seu Partido Político.

Procedese de seguido, á proclamación dos candidatos a Alcalde/esa, que son os Concelleiros/as que encabezan as súas correspondentes listas electorais:

Polo Partido Popular: Ana M<sup>a</sup> López Fernández

Polo Partido Socialista de Galicia: José Miguel Alonso Pumar

Polo Bloque Nacionalista Galego: Adrián Pernas Lamas.

Por consenso unánime, establécese que a votación se realizará de forma nominal, a man alzada.

Concedido un tempo para a votación, realizase o escrutinio dos votos do que resulta o seguinte:

CANDIDATOS	NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS
ANA MARIA LÓPEZ FERNÁNDEZ	4 VOTOS (polo PP)
JOSÉ MIGUEL ALONSO PUMAR	0 VOTOS
ADRIÁN PERNAS LAMAS	3 VOTOS (polo PSGA-PSOE)



De conformidade co disposto no artigo 196.1 da LO 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime electoral xeral, ao non obter ningún/ha concelleiro/a a maioría absoluta de votos, resulta proclamada como Alcadesa ANA MARÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ, xa que encabeza a lista que obtivo maior número de votos populares no municipio de Cariño.

### **XURAMENTO OU PROMESA DA ALCALDESA E TOMA DE POSESIÓN**

A Presidenta da Mesa require a Alcadesa electa para que se acerque á mesa a fin de tomar posesión do cargo, ante o Concello Pleno, prestando xuramento ou promesa do mesmo baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979 de 5 de abril (B.O.E. do día 6).

Realizada o xuramento do cargo, a Presidenta da Mesa invita a Alcadesa a ocupar a Presidencia. A Presidenta da Mesa entrega o bastón de mando á Alcadesa electa.

A continuación a nova Alcadesa cédelle a palabra ao Alcalde saínte, que pronuncia un discurso, e posteriormente, Ana M<sup>a</sup> López Fernández dedica unhas palabras ante o Pleno.

### **INVENTARIO DE PATRIMONIO E ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIO**

Pola Secretaria, e de conformidade co disposto no artigo 36.2 do ROF, dase lectura ós xustificantes de existencias en metálico e valores propios da corporación, depositados na Caixa Municipal e nas Entidades bancarias a efectos da redacción da correspondente Acta de arqueo Extraordinario a data 16/06/2023 que se suscribe pola Interventora, a Tesoureira municipal e a Alcadesa.

Igualmente e de conformidade co disposto no artigo 36.2 do ROF atópanse unidos ó expediente da presente sesión, os documentos relativos ó inventario do patrimonio da Corporación, ós efectos de dar cumprimento ó disposto nos art. 33.2 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como polo art.86 do RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Alcadesa levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da Alcadesa e da Secretaria que da fe.

A Alcadesa.- Ana M<sup>a</sup> López Fernández      A Secretaria.- Alejandra Pardo Vázquez